

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE DECEMBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Proxecto de Lei de ordenación do territorio de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Barro, da estrada provincial EP-0505 N-550-Igrexa de Perdecanaí.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se crea e se regula o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe e a exención de constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2020 das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa centros de fabricación avanzada), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe total de dezaseis millóns de euros (16.000.000€).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Vigo (UVigo) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2019-2020, por un importe de novecientos noventa e oito mil catrocentos doce euros (998.412€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2020, entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para a execución do programa de Integración Familiar. Importe: seiscentos trinta mil seiscentos setenta e un euros con vinte e un céntimos (630.671,21€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede Galega de atención temperá, cofinanciadas polo Programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020. Importe total: dous millóns novecentos trinta e seis mil novecentos sesenta e tres euros (2.936.963€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo polo que se modifica e prorroga o Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social para levar a cabo a atención residencial e a intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro Concepción Arenal. Importe total: setecentos setenta e oito mil seiscentos sesenta e seis euros con sesenta e sete céntimos (778.666,67€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo polo que se modifica e prorroga o Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Camiña Social para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores na provincia da Coruña. Importe total: cento noventa e seis mil cento sesenta e nove euros con cinco céntimos (196.169,05€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Portos de Galicia e a Fundación Empresa- Universidade Galega para que titulados e estudantes accedan á realización de plans de formación especializados, por un importe total de cento corenta e dous mil oitocentos corenta e nove euros con noventa e dous céntimos (142.849,92€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Informe sobre os resultados PISA 2018.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Plan autonómico de reforzo do servizo de axuda no fogar.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia para a contratación, pola entidade pública empresarial Portos de Galicia, das obras de Reparación da Barreira de protección de instalacións náuticas no porto de Barallobre" (A Coruña), por un importe estimado de noventa e oito mil novecentos setenta e oito euros con noventa e cinco céntimos (98.978,95€), IVE excluído.

A LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO ACTUALIZA, SIMPLIFICA E AXILIZA A PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA PARA EVITAR POSIBLES DESEQUILIBRIOS E MELLORAR A COORDINACIÓN TERRITORIAL

- ***O Consello da Xunta dá o visto e praxe a este novo texto normativo, que agora inicia a súa tramitación parlamentaria para a aprobación definitiva***
- ***Na liña do que xa fixa a Lei do solo, o procedemento ambiental e o de tramitación dos instrumentos de ordenación intégrase nun único procedemento, para facilitar a súa aplicación e evitar acudir a varias normas***
- ***Unha das principais novidades é que os plans sectoriais serán unha figuras máis segura, ao concretar e detallar o propósito de cada un e priorizar a planificación xeral, co fin de garantir que as actuacións cumpran obxectivos marcados para o conxunto da Comunidade***
- ***A futura Lei de ordenación establece como figuras de ordenación as directrices de ordenación do territorio (DOT), o marco xeral de referencia; os plans territoriais integrados ou especiais, que só poderán ser de iniciativa pública, os Proxectos de Interese Autonómico, que é o único instrumento de intervención directa no territorio; e os instrumentos de ordenación territorial, que poden clasificar solo***
- ***Esta nova lei actualiza a norma vixente, a Lei 10/1995, e suman un novo fito ao traballo realizado polo Goberno galego nos últimos dez anos para modernizar e actualizar o corpo urbanístico da Comunidade***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá aprobou o texto da que será a nova Lei de ordenación do territorio, un novo texto normativo que actualiza , simplifica e axiliza os diferentes instrumentos da planificación urbanística para esquivar posibles desequilibrios e mellorar a coordinación e planificación territorial.

Tras superar o proceso de información pública, o texto normativo foi analizado polos membros do Goberno galego, co fin de remitido ao Parlamento de Galicia para iniciar a última fase da súa tramitación, antes da aprobación definitiva.

En liñas xerais, a nova Lei segue a senda iniciada coa redacción da Lei do solo, e o seu regulamento, de acadar normativas máis simples, útiles, eficientes e prácticas. Nese sentido, apostouse por unha simplificación administrativa, tanto do número de figuras como no procedemento da súa tramitación. Paralelamente, estableceuse un único procedemento de tramitación para todos os instrumentos de ordenación do territorio, diferenciando entre os que se someten a avaliación ambiental estratéxica ordinaria ou simplificada, no canto de regular un procedemento por cada un dos instrumentos de ordenación territorial, como fai a vixente lei.

Un terceiro aspecto para acadar unha simplificación administrativa é integrar o procedemento ambiental no de tramitación do instrumento de ordenación, evitando ter que acudir a diversas normas para identificar que procedemento resulta aplicable.

Todas estas cuestións camiñan cara á aplicación do principio de eficiencia, co fin de evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias, ao tempo que se racionalizan os recursos públicos que interveñen nos procedementos administrativos.

Unha das principais novidades é que se lle impregna unha maior seguridade á figura de plan sectorial, pois a nova lei trata de concretar e actualizar a definición que se establece na lei vixente, sobre todo para diferenciala do concepto proxecto sectorial (instrumento que o desenvolve), ao tempo que se concreta o propósito de cada un, máis alá da escala da intervención.

Os plans sectoriais son instrumentos que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación de actividades sectoriais no territorio, é dicir, buscan a ordenación a nivel territorial dun sector concreto. Polo tanto, tendo en conta o seu carácter sectorial e que o seu ámbito é a Comunidade, só poderán ser de promoción pública. En definitiva, a escala territorial garantirá que as diferentes actuacións que se fagan cumpran os obxectivos marcados para toda a Comunidade, evitando as actuacións illadas e con criterios parciais que pode ter o desenvolvemento a través de instrumentos de planificación locais.

Catro figuras de ordenación

A lei componse de 58 artigos, distribuídos en dous títulos, seis disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

No título I desenvolve o contido da ordenación do territorio e os instrumentos de ordenación do territorio, diferenciando entre as directrices de ordenación do territorio, os plans territoriais integrados e especiais, os plans sectoriais e os proxectos de interese autonómico. Elimínanse, polo tanto, dúas figuras: a de plans de ordenación do medio físico, xa que nos case 25 anos en vigor da lei non se aprobou ningún e esta figura ten a súa equivalente nos plans territoriais especiais; e a de programas coordinados de actuacións, por entender que se trata dunha figura de carácter investidor e de compoñente administrativo, que non ten sentido considerala como figura de ordenación territorial.

As DOT son o instrumento de carácter global e o marco xeral de referencia, que establece as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais. Neste caso, respectouse case integramente, dado que a súa aprobación en 2011 xa incorporaba moitos dos conceptos de sustentabilidade ambiental que se incorporan á lei. Unha novidade que se introduce é que o informe de seguimento parlamentario será trianual, no canto de anual, co fin de manexar datos e indicadores que reflectan unha maior evolución .

Os plans territoriais diferéncianse entre integrados e especiais, en funcións da súa maior ou menor escala e ámbito de afección territorial. Os integrados están dirixidos á organización de

áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou a aquelas que, polo seu tamaño e relacións funcionais, demanden unha planificación dos usos do solo, das actividades produtivas, das infraestruturas e dos equipamentos de tipo comarcal e de carácter integrado.

No caso dos plans territoriais especiais, poden dar soporte a requirimentos especiais de planificación de ámbitos en función de distintas características (morfolóxicas, agrícolas, gandeiras, forestais, etnográficas, produtivas, paisaxísticas ou ecolóxicas...) que esixan unha consideración e tratamento unitario. O obxectivo é a definición dun modelo territorial que faga compatible o desenvolvemento e a defensa do medio natural, co fin de conseguir un crecemento equilibrado e unha mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

En relación coa figura dos plans sectoriais, a principal novidade é que se amplía o seu ámbito de aplicación para que sexa toda a Comunidade autónoma, ao tempo que se concreta a definición de plan sectorial que recolle a normativa vixente, que non se diferencia moito da figura de proxecto sectorial, que é o instrumento que o desenvolve. O obxectivo é acadar unha mellor ordenación das actividades que se poidan implantar no territorio, polo que debe ser a figura que analice e estude onde se deben implantar, polo tanto só poderán ser de iniciativa pública, será a Administración a que determine onde se instalan as ditas actividades.

Os plans sectoriais redefíñense como instrumentos que teñen por obxecto ordenar e regular a implantación de actividades sectoriais no territorio (producción e transporte de enerxía, vivendas protexidas, equipamentos supramunicipais...), así como planificar e ordenar os recursos cunha problemática territorial común en ámbitos supramunicipais concretos, e establecer, se é o caso, as condicións xerais para as futuras actuacións que os desenvolvan.

A última das figuras de ordenación son os proxectos de interese autonómico, que veñen substituír os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e que son o único instrumento de intervención directa no territorio, é dicir, servirán para planificar e executar as actuacións concretas, como pode ser a implantación de dotacións urbanísticas, creación de solo destinado a vivendas protexidas e creación de solo destinado á realización de actividades económicas.

A lei exige que en todos os casos deberá xustificarse que transcenden do ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural; e que non teñen previsión nin acomodo no planeamento vixente. Estes poderán ser previstos, o único instrumento de desenvolvemento no caso de que existan un plan sectorial; ou non previstos, que deberán obter a correspondente declaración de interese autonómico por parte do Consello da Xunta.

Ordenación do territorio igualitaria e coherente para os 313 concellos galegos

A Xunta de Galicia defende que a lexislación urbanística é unha garantía de éxito para acadar que a ordenación do solo de cada municipio sexa coherente e igualitaria para os cidadáns do propio concello. Non obstante, sostén que é preciso ter unha serie de instrumentos de carácter supramunicipal que garantan esa mesma igualdade de

oportunidades a nivel da Comunidade Autónoma, co fin de corraxir os posibles desequilibrios resultantes da variedade que presenta o territorio de Galicia.

Nese sentido, a nova lei reforza unha serie de obxectivos para mellorar a calidade de vida dos habitantes, como procura dun desenvolvemento equilibrado de toda a Comunidade, garantir a accesibilidade de toda a poboación ás infraestruturas e servizos, mellorar a relación do medio urbano e o medio rural, tratando de evitar o éxodo masivo do campo ás cidades, establecendo políticas e estratexias que fagan máis atractiva a vida no rural e potenciando o desenvolvemento económico sustentabilidade, aproveitando e valorando as oportunidades que ofrece o territorio e protexendo os valores que presenta, tanto naturais como culturais.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE BARRO DA ESTRADA PROVINCIAL DE ACCESO Á PARROQUIA DE PERDECANAI

- ***Trátase dun treito de 1,2 km de lonxitude***
- ***O Departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais***
- ***O cambio de titularidade formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega no prazo de dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Barro dun treito da estrada provincial EP-0505 coa N-550, Igrexa de Perdecanaí.

O concello pontevedrés solicitou á Deputación provincial o cambio de titularidade dun treito de 1,2 quilómetros desta vía que dá acceso aos núcleos de poboación da parroquia de Perdecanaí. Esta petición dá cumprimento ao previsto nun convenio asinado entre as dúas administracións.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

OS DONOS DE MASAS CONSOLIDADAS DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS TERÁN VANTAXES FISCAIS E PRIORIDADE NA CONCESIÓN DE AXUDAS PÚBLICAS

- ***Así o establece o decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta, que crea e regula o rexistro destes terreos forestais para a súa conservación e posta en valor***
- ***A extensión actual destas masas en Galicia é de preto de 415.000 hectáreas, o que supón máis do 20% do territorio forestal da comunidade autónoma, de aí a necesidade e importancia desta norma***
- ***Neste rexistro quedarán inscritas aquelas masas cunha superficie en couto redondo de cando menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea e se regula o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas. O obxectivo desta norma é mellorar a conservación e posta en valor destas masas, formadas por especies de grande interese como carballos, castiñeiros, cerquiños e bidueiros, como recurso económico, social e ambiental de Galicia.

Entre os beneficios que suporá o rexistro destas masas para os seus titulares, cómpre salientar o feito de que terán prioridade na concesión de axudas públicas, especialmente para dotarse dun instrumento de ordenación ou xestión forestal que regule os seus aproveitamentos dunha forma sustentable. Os seus propietarios, así como os titulares dos aproveitamentos, terán tamén vantaxes e incentivos fiscais.

Desta forma, o decreto supón un importante desenvolvemento da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e responde tamén ao establecido polo ditame da Comisión forestal do Parlamento galego. Cómpre destacar que a extensión actual das masas de frondosas autóctonas na nosa comunidade é de preto de 415.000 hectáreas, o que supón algo máis do 20% do territorio forestal galego, de aí a necesidade e a importancia de contar con esta ferramenta.

Así, neste rexistro (de carácter administrativo e de consulta pública), quedarán inscritas aquelas masas cunha superficie en couto redondo de polo menos 15 hectáreas e cunha idade media de polo menos vinte anos. Admitirase a presenza doutras especies arbóreas sempre que non representen máis do 25% do número de pés maiores (enténdese por pés maiores aqueles cun diámetro igual ou superior a 7,5 centímetros). O decreto regula o obxecto e contido do rexistro, así como os procedementos de inscrición, modificación e baixa nel.

Xestión forestal activa

Favorecerase tamén –por entender que é o piar principal para a súa conservación– a súa xestión forestal activa, mediante actuacións de mellora e aproveitamento continuadas, seguindo os modelos silvícolas que sexan de aplicación as especies principais que compoñan as súas masas. Ademais, promoverase a súa xestión mediante sociedades de

fomento forestal (Sofor) ou por medio de calquera outro tipo de asociación ou agrupación prevista na lexislación vixente.

Así mesmo, o decreto fixa as obrigas a que estarán suxeitas estas masas consolidadas, como por exemplo seren obxecto dunha xestión forestal activa a través dun instrumento de ordenación ou xestión sustentable e que só poderá efectuarse un cambio de especie forestal a frondosas. A norma establece tamén que se fomentará a divulgación dos seus valores e das súas utilidades directas, tales como a obtención de madeira de calidade para fins construtivos e ornamentais, de froitos, de cortizas e outras.

Inscripción no rexistro

A inscrición das devanditas masas neste rexistro poderá facerse por instancia de parte ou de oficio. No primeiro caso, a solicitude poderá realizala calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, incluíndo montes veciñais en man común, que sexan propietarias ou titulares dun dereito de uso sobre máis do 50% da súa superficie.

A incorporación de oficio será para as masas que formen parte de bosques de ribeira, que estean situadas en áreas declaradas de protección dentro dun plan de ordenación de recursos naturais ou forestais ou aquelas que contribúan, de maneira especial, á conservación da diversidade biolóxica. Tamén serán inscritas de oficio as masas localizadas en terreos forestais incluídos nas redes de faixas de xestión da biomasa consonte a lexislación en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

A XUNTA DESTINA 16M€ AOS CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA PARA FACILITAR ÁS PEMES AS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS PARA MODERNIZAR A INDUSTRIA GALEGA

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria financiará, con apoios de ata o 80% do investimento, a creación de espazos de uso aberto e compartido destinados a ensamblaxe, loxística e recursos tecnolóxicos, espazos 'maker' de fabricación compartida, así como ao acondicionamento especializado de solo industrial***
- ***A convocatoria complementa os dous hubs de innovación dixital galegos que achegarán ás pequenas e medianas empresas unha carteira de servizos que lles permitirá avanzar nas tecnoloxías da fábrica intelixente e o big data***

O Consello da Xunta autorizou a posta en marcha dunha nova liña de axudas da Consellería de Economía, Emprego e Industria que, mediante unha dotación de 16 millóns de euros ata 2022, apoiará a creación de centros de fabricación avanzada de uso aberto e compartido para impulsar a modernización do tecido empresarial galego e avanzar na implantación da Industria 4.0.

O novo programa busca mellorar a competitividade das pemes galegas promovendo que a iniciativa privada poña á disposición das empresas espazos para a prestación de servizos que non serían rendibles sen a colaboración. Poderanse xerar, entre outras infraestruturas, centros de ensamblaxe, loxística e recursos tecnolóxicos, espazos 'maker' de fabricación compartida ou o acondicionamento especializado de solo industrial.

Os apoios poderán cubrir ata o 80% do investimento realizado nas infraestruturas que se creen e que se poñerán á disposición dos usuarios interesados de forma aberta, cun prezo de uso ou venda equivalente ao do mercado e cunha estrutura de servizos tarificables en función do uso ou consumo que se realice.

Para o deseño desta iniciativa, o Igape activou unha consulta previa entre o tecido produtivo galego á que responderon empresas e outros axentes económicos e que permitiu coñecer a demanda que teñen este tipo de espazos industriais, presentándose un total de 26 manifestacións de interese.

O programa de centros de fabricación avanzada, que se desenvolven ao abeiro da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), primará a inclusión destes centros nos hubs de innovación dixital apoiados polo Goberno galego tras un proceso no que participaron máis de 240 axentes. Trátase das iniciativas Factories of the future (Fábricas do futuro), liderada polo Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e centrada na internet das cousas e a intelixencia artificial; e Datalife, liderada polo clúster tecnolóxico empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e que pon o foco no manexo de grandes cantidades de información (big data).

Os Hubs de Innovación Dixital funcionarán achegando unha carteira de servizos ás pemes de capacidades tecnolóxicas en que conflúen todos os recursos que os centros de

coñecemento galegos ofertan ás pemes, facilitando tamén apoio integral para levar os produtos e servizos innovadores ao mercado.

EDUCACIÓN ELEVA A 5,3 M€ O APOIO Á ACTIVIDADE INVESTIGADORA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dunha addenda de preto de 1 millón de euros, que supón incrementar as partidas das accións estratéxicas de I+D+i recollidas no convenio coa UVigo para o período 2019-2020***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, eleva ata case 5,3 millóns de euros o apoio á actividade investigadora da Universidade de Vigo para o período 2019-2020, preto dun millón de euros máis do previsto inicialmente.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura desta addenda -por un importe de 998.412,00 euros- ao convenio de colaboración asinado o pasado setembro entre a Consellería de Educación e a UVigo para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i, e que estaba inicialmente dotado con 4.279.205,91 euros para o período 2019-2020. Con este reforzo, a contía final total dese convenio para o mesmo período bianual ascenderá a 5.277.617,91 euros.

A addenda aplicarase para o ano 2020, polo que para ese ano se reestruturan á alza algunhas das accións previstas no convenio e se incorporan outras novas que non estaban previstas, ao dispoñer agora dunha cantidade de 3.622.860,34 €, fronte á dotación inicial de 2.624.448,34 € para o vindeiro exercicio.

Con esta addenda mellóranse os orzamentos previstos para as áreas de dotación de infraestruturas, de especialización científica e do reforzo do Programa de centros de investigación.

Así, na área de infraestruturas incorpórase unha partida para o acondicionamento do Edificio do Berbés (no campus de Vigo) con 275.000 euros, e o acondicionamento do Edificio Filomena Dato (polo que a partida final para 2020 tras a addenda elévase a 205.000 euros fronte aos 125.000 previstos inicialmente).

No ámbito da especialización científica refórzase o programa de captación de talento (con 305.000 euros fronte aos 120.000 iniciais); especialización do Campus Auga en Ourense (cunha partida de 75.000 euros), especialización do Vigo Tecnolóxico (tamén 75.000 euros) e especialización do Campus Crea en Pontevedra (outros 75.000 euros), e o apoio a CINTECX (con outros 100.000 euros).

Por último, o apartado de reforzo do programa de Centros de Investigación multiplica por dous o importe previsto para o vindeiro ano, cunha contía de 265.652 euros fronte aos 132.240 inicialmente dotados.

Antecedentes

O convenio asinado en setembro, que agora se reforza, tiña como obxectivo o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co fin de mellorar as infraestruturas,

intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

Así inclúe a rehabilitación e mellora das infraestruturas e adquisición de equipamentos de I+D+i; a adecuación de espazos e laboratorios para atender os programas de especialización científica de alto nivel; a renovación da infraestrutura informática relacionada coa conectividade de redes, telecomunicacións e grandes aplicacións que serve de apoio aos servizos de I+D, centros e grupos de investigación; iniciativas de formación científica en liña, feiras científicas e de difusión das actividades que levan a cabo os centros de investigación

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS PARA DESENVOLVER O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR

- ***Durante este ano o Goberno galego incrementou nun 42% a súa achega a esta iniciativa ata os 630.000 euros***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou un ano máis o convenio coa Fundación Meniños para o Programa de Integración Familiar. Trátase dun proxecto para a protección da infancia e o apoio á familia que se centra na reunificación, preservación e funcionalidade do contorno familiar. Unha iniciativa coa que o Goberno galego colabora desde hai anos e que pretende consolidar en 2020 con este novo convenio.

Durante este 2019, o Goberno galego incrementou nun 42% a súa achega a esta fundación ata chegar aos 630.000 euros. Así, prevese que ao remate deste 2019, o Programa de Integración Familiar terá atendido a 360 menores no seo dunhas 210 familias, un incremento do 7% respecto aos datos de 2018.

Cómpre sinalar que a través deste programa se actúa na reunificación familiar, ao buscar facilitar o retorno á casa dos menores que están a residir en centros de acollida; coa preservación familiar, ao actuar desde un eido preventivo, evitando a separación do neno da súa contorna familiar; e na área de funcionalidade familiar, ao evitar a deterioración da convivencia no fogar, como paso previo ás dúas fases anteriores.

Para iso, empréganse tres ferramentas fundamentais: a intervención psicosocial, que busca transmitir estratexias para mellorar o funcionamento persoal e familiar; a terapia familiar, para resolver os problemas psicolóxicos, relacionais ou condutuais das persoas encargadas de protexer os nenos; e a educación familiar, para que os fogares adquiren as habilidades e hábitos necesarios para atender as necesidades físicas, afectivas, de organización familiar e de resposta ás condutas dos nenos.

A XUNTA INCREMENTA UN 45% AS AXUDAS AOS CONCELLOS PARA A CONSOLIDACIÓN E IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- ***Destina 3 millóns de euros a manter as 19 unidades existentes e a financiar que as entidades locais poñan en marcha outras cinco novas***
- ***Nos últimos dez anos esta rede multiplicou por seis a súa extensión, ao pasar de cubrir 15 concellos en 2009 a 95 na actualidade***

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova liña de axudas dirixida aos concellos para a consolidación e implantación de novas unidades de atención temperá, servizo que é fundamental para identificar e actuar sobre os trastornos que poidan sufrir no seu desenvolvemento nenas e nenos de 0 a 6 anos de idade. O orzamento inicial desta convocatoria ascende a 3 millóns de euros, o que supón un aumento do 45% con respecto á última convocatoria publicada.

Este incremento de fondos permitirá consolidar as 19 unidades de atención temperá que xa existen e que atenderon no período de vixencia da anterior convocatoria máis de 1070 nenas e nenos, 300 máis que no anterior, e financiar que as entidades locais poñan en marcha outras 5 novas unidades.

Esta convocatoria volve fomentar, ao igual que en anteriores edicións, a xestión compartida destas unidades por parte de agrupacións de concellos, mancomunidades e consorcios. O obxectivo é incrementar a eficacia e eficiencia na prestación do servizo e impulsar que este se leve a cabo no ámbito municipal, o máis próximo á veciñanza e o que mellor coñece a situación específica da poboación local.

A Xunta segue a apostar por este modelo baseado na prevención, a identificación e o tratamento precoz para dar respostas ás necesidades específicas que poidan presentar os menores de 0 a 6 anos. A atención temperá facilítalles ferramentas para gañar autonomía xa desde a infancia e que así gocen dunha maior calidade de vida cando sexan maiores. Ademais, ao actuar antes hai máis opcións de evitar que os trastornos no desenvolvemento perduren no tempo e sexa máis difícil corrixilos.

Nos dez últimos anos, a Rede galega de atención temperá multiplicou por seis a súa extensión, ao pasar de cubrir 15 concellos en 2009 a atender 92 na actualidade. Ademais destas unidades de titularidade municipal, Galicia dispón de recursos de atención temperá nos hospitais públicos e de tres unidades nas comarcas do Deza, Salnés e Bergantiños que xestiona a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat).

A XUNTA DE GALICIA DESTINA UN MILLÓN DE EUROS A AMPLIAR OS CONVENIOS PARA A ATENCIÓN DE MENORES CON MEDIDAS XUDICIAIS

- ***Prorróganse os acordos coa Fundación Camiña Social para a xestión do centro Concepción Arenal e o de intervención educativa en medio aberto***

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde hoxe a investir un millón de euros na prórroga para o ano que vén dos convenios para a xestión na Coruña de dous servizos dirixidos a menores con medidas xudiciais que están baixo a responsabilidade da Administración autonómica. Trátase do centro Concepción Arenal e o de intervención educativa en medio aberto, ambos xestionados pola Fundación Camiña Social. O obxectivo destes servizos é a reinserción social dos menores que cometeron algún delito, ofrecéndolles alternativas de futuro que eviten a reincidencia.

Por unha parte, destínanse 800.000 euros a ampliar ata o vindeiro 1 de maio de 2020 o acordo para a xestión do centro Concepción Arenal, no que se presta atención residencial a menores que teñen medidas xudiciais privativas de liberdade.

Pola outra, invístense 200.000 euros para prorrogar ata o 1 de xuño o convenio para a xestión do Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (CIEMA) da provincia da Coruña. Este centro tamén está destinado a menores cunha medida xudicial, pero neste caso sen restrición da súa liberdade. As medidas de intervención en medio aberto consisten en asistencia a un centro de día, liberdade vixiada, prestacións en beneficio da comunidade ou permanencia de fin de semana no domicilio do menor.

PORTOS DE GALICIA CONTRIBUIRÁ A COMPLETAR A FORMACIÓN DOS TITULADOS UNIVERSITARIOS GALEGOS E DE FP MEDIANTE BOLSAS DE PRÁCTICAS

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre o ente dependente da Consellería do Mar e a Fundación Empresa-Universidade Galega para a realización de plans de formación especializados***
- ***Ata catro alumnos poderán facer prácticas cada ano nos centros de traballo e nos peiraos administrados polo ente autonómico para adquirir coñecementos relacionados coas infraestruturas portuarias e a súa xestión***
- ***Este acordo contribuirá a facilitar a incorporación futura dos beneficiarios ao mercado laboral e a mellorar a economía galega ao contar con profesionais mellor formados neste eido***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o ente público Portos de Galicia e a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) para que tanto titulados do sistema universitario galego como titulados de Formación Profesional da comunidade poidan realizar prácticas no ente dependente da Consellería do Mar mediante plans especializados para completar a súa formación académica.

Esta medida contribuirá a facilitar a incorporación futura dos beneficiarios ao mercado laboral e a mellorar a economía galega ao contar con profesionais mellor formados neste eido. De feito, o acordo, que non ten ánimo de lucro, beneficiará tanto os bolseiros, que completarán así a súa formación profesional, como os empregados públicos de Portos de Galicia, que poderán compartir experiencias laborais con alumnos que veñen de completar a súa preparación no eido académico.

O convenio permitirá que ata catro graduados ou titulados poidan realizar prácticas cada ano nos centros de traballo e nos peiraos administrados polo ente portuario autonómico. Esta formación terá unha duración mínima de dous meses e máxima de 12 e os períodos e realización da formación serán compatibles coa organización e funcionamento interno de Portos de Galicia.

Este convenio permitirá aos bolseiros participar en labores relacionados co mantemento, explotación e xestión dos portos de titularidade autonómica e adquirir coñecementos sobre as infraestruturas necesarias nos portos así como do seu mantemento, xestión dos medios propios da Administración, dos contratos do ente público co sector privado, da supervisión de contratos de obras, servizos e subministracións, así como da xestión do uso do dominio público portuario.

A duración do convenio estenderase durante un prazo máximo de catro anos desde a súa sinatura, entre 2020 e 2023, e conta cun orzamento total de preto de 143.000 euros. Ese investimento é o resultado de que Portos de Galicia aboará a Feuga unha compensación por

cada alumno dun máximo de algo máis de 744 euros ao mes, dos que 612 corresponderán a cada un dos bolsellos beneficiados por este programa.

A Fundación Empresa-Universidade Galega asumirá, pola súa banda, o custo que supoña a inclusión dos beneficiarios no réxime xeral da seguridade social, así como a contratación e pagamento dun seguro de accidentes e responsabilidade civil para cada un dos alumnos beneficiarios e que cubra tanto os danos persoais como a terceiros.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo crearase unha comisión de seguimento integrada por dous representantes de Portos de Galicia e outros dous de Feuga. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio e resolver calquera controversia que puidese suscitarse sobre a súa interpretación ou execución.

GALICIA CONSOLIDA A MELLORA DOS RESULTADOS PISA NUNHA DÉCADA, FRONTE Á TENDENCIA Á BAIXA DE ESPAÑA E DO CONXUNTO DA OCDE

- **As puntuacións do alumnado galego rexistran un crecemento continuo nas dúas competencias avaliadas, matemática e científica, fronte á dinámica decrecente das puntuacións obtidas no conxunto do Estado e dos países da OCDE**
- **Galicia sitúase á cabeza de España como a CCAA con mellores resultados na competencia científica, escalando do 5º ao 1º posto en dez anos**
- **En competencia matemática medra 9 puntos nunha década (ata os 498 actuais) e escala cinco postos no ránking de CCAA, ao pasar do 10º ao 5º lugar neste período, e sitúase ao nivel de países como Alemaña, Suecia e Finlandia**
- **Por xénero, as rapazas obteñen mellores resultados que os rapaces tanto en ciencias como en matemáticas**
- **Estes resultados afianzan a tendencia de mellora continua nos últimos anos, tanto en termos absolutos como en termos comparativos a nivel global e do conxunto das comunidades autónomas**
- **A Consellería de Educación seguirá reforzando iniciativas que considera prioritarias para a mellora dos resultados académicos, como as de fomento das competencias STEM, así como os programas de reforzo educativo**

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión de hoxe o Informe PISA 2018, cuxos resultados consolidan a mellora continua do alumnado galego nas competencias avaliadas ao longo dunha década, fronte á tendencia á baixa da media do conxunto de España e da OCDE. Así o corroboran os datos obtidos nos informes PISA correspondentes aos anos 2009, 2012, 2015 e o que se acaba de facer público de 2018, que afloran un crecemento tanto en termos absolutos como en termos relativos de comparación con resto das CCAA do Estado.

En **competencia Matemática** Galicia obtivo 498 puntos neste informe de 2018, o que supón medrar 9 puntos con respecto a 2009 (489) e escalar cinco postos no ránking de comunidades autónomas, ao pasar do 10º ao 5º lugar en case unha década e practicamente empatada con comunidades como Cantabria ou País Vasco (ambas con 499 puntos) e a moi pouca distancia de Castela-León (502 puntos) e Navarra (503 puntos).

Se o comparamos co último informe de 2015, Galicia obtén 498 puntos en competencia matemática, 4 máis que hai tres anos, 17 máis que a media de España (481) e 9 máis que a media da OCDE (489).

No actual informe, por CCAA constátase unha diferenza significativa con comunidades como Canarias (con 38 puntos menos que Galicia), Andalucía (31 puntos menos), Extremadura (28 puntos menos) ou Comunidade Valenciana (25 puntos menos). En canto a países, estamos ao nivel de países como Alemaña, Suecia ou Finlandia nesta competencia.

Ano	Puntuación				Diferenza		
	Galicia	España	OCDE	UE	España	OCDE	UE
2009	489	483	496		+ 6	- 7	
2012	489	484	494	489	+ 5	- 5	0
2015	494	486	490	493	+ 8	+ 4	+ 1
2019	498	481	489	494	+17	+9	+4

En **competencia científica**, Galicia obtivo 510 puntos neste informe de 2018, que a sitúa como a CCAA con mellores resultados de toda España a 9 puntos da segunda que é Castela-León (501), e a 14 puntos de Asturias (que obtivo 496).

No período dunha década isto supón un crecemento de 4 puntos con respecto a 2009 fronte á tendencia decrecente da media de España (que nese mesmo período baixa 5 puntos), da UE (que baixa 7 puntos) e da OCDE (que baixa 12 puntos). A distancia é aínda maior se se compara coa media de España (483) e dos países da OCDE (489).

Con respecto a outras CCAA, Galicia está 40 puntos por riba de Canarias e 39 puntos por riba de Andalucía. E por países estamos no mesmo nivel que EEUU, Corea, Alemaña, Países Baixos ou Reino Unido.

Ano	Puntuación				Diferenza		
	Galicia	España	OCDE	UE	España	OCDE	UE
2009	506	488	501		+ 18	+ 5	
2012	512	496	501	497	+ 16	+ 11	+ 15
2015	512	493	493	495	+ 19	+ 19	+ 17
2019	510	483	489	490	+27	+21	-20

Estes resultados reflicten que Galicia segue unha liña de crecemento continuo no que atinxe ao seu sistema educativo nas dúas competencias avaliadas (cómpre lembrar que neste informe a OCDE decidiu non ofrecer datos da competencia lectora); xa que se afianza a senda de mellora dos últimos anos e, sobre todo, mellora a súa posición tanto a nivel global como en comparación co resto das comunidades autónomas do Estado.

Outro dos aspectos que hai que salientar son os resultados por xéneros, onde as rapazas despuntan con mellores puntuacións tanto na área científica como na matemática:

PISA 2018	MULLERES	HOMES
Ciencias	516	506

Matemáticas**499****497**

Índice de illamento

Neste informe PISA 2018 non se ofrecen datos de equidade (porque vai ligado á competencia principal, neste caso a lectora, da que non hai resultados), polo que o informe introduce un novo indicador para caracterizar o grao de segregación dos sistemas educativos do alumnado desvantaxado/avantaxado respecto do resto. Segundo PISA, este índice de illamento relaciónase coa probabilidade de que alumnado dunhas determinadas características estea matriculado en centros en que se matricula outro de características distintas, cunha medida que oscila entre 0 e 1, na cal o valor próximo a 0 indica unha moi baixa segregación.

No caso de Galicia, o índice de illamento do alumnado desvantaxado é do 0,10, polo que se confirma esa baixa segregación (a media de España é de 0,16 e da OCDE do 0,17), e ao nivel dos países participantes con menor grao de segregación como Noruega (0,09), Finlandia (0,10).

Isto vai, por tanto, na liña dos últimos datos de equidade que se coñecen (de 2015), en que Galicia se situaba como a CCAA co sistema educativo máis equitativo por diante de todos os países da OCDE.

Índice illamento alumnado desvantaxado		
Galicia	España	OCDE
0,10	0,16	0,17

Aposta polo reforzo das competencias STEM

A tendencia á alza nas puntuacións do alumnado en PISA nas competencias matemática e científica reforzan a aposta que está a facer a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional nos últimos anos de fomento das competencias STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) entre o alumnado ao abeiro da Estratexia galega para a educación dixital, Edudixital 2020, e que supoñen un investimento de 1 millón de euros.

Cómpre lembrar que neste eido se están desenvolvendo iniciativas como a implantación do Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxías, o STEMBach (con 560 alumnos -294 alumnas e 266 alumnos- de 31 centros), os 'Clubs de Ciencias' (que chega a 119 centros), os Espazos Maker (implantado en 20 centros), o campamento científico-tecnolóxico en inglés (STEMweek), a Semana STEM, ou a ampliación de Robótica en Primaria (con kits que chegan xa a 178 centros públicos durante este curso).

A isto únese o reforzo de 2 horas da materia de Matemáticas no currículo de Primaria e 1 hora en ESO desde o ano 2014; e a implantación de materias de libre configuración

autonómica como *Programación, Educación financeira e Xadrez* en Secundaria, ou *Robótica e Métodos Estatísticos e Numéricos* en Bacharelato.

Así mesmo, a Consellería segue reforzando os contratos-programa, que buscan mellorar a calidade do ensino para reducir a porcentaxe de alumnado de baixo rendemento de Primaria, ESO e FP Básica. Precisamente as liñas máis demandas son *REFÓRZA-T*, que ten como obxectivo mellorar o rendemento académico do alumnado con dificultades, por medio do traballo ou apoio organizado fóra do horario lectivo, sobre todo nas destrezas matemática, en ciencia e tecnoloxía e en comunicación lingüística; e a liña de *Mellora das competencias clave*, que se centra en traballar a competencia matemática, as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e a competencia en comunicación lingüística das linguas curriculares impartidas no centro.

Papel do profesorado

Estes datos avalan tamén a implicación do profesorado como peza clave na aposta por un sistema educativo de calidade, e cuxo labor conta co apoio e recoñecemento por parte da Consellería de Educación, que está a desenvolver melloras continuas para este colectivo como son é a maior oferta de emprego da historia para a estabilización laboral, a mellora salarial e programas de formación adaptados ás súas necesidades e demandas.

A XUNTA REFORZA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA CHEGAR A MEDIO MILLÓN DE HORAS DE ATENCIÓN AO ANO

- ***Este incremento de horas xunto coas xa existentes permitirá atender nos próximos meses a máis de 2.100 persoas***

O Consello da Xunta de Galicia vén de dar o visto e praxe a un Plan de reforzo do Servizo de Axuda no Fogar mediante o cal se porá á disposición das persoas que o necesiten medio millón de horas de atención ao ano. Este incremento de horas xunto coas xa existentes permitirá atender nos próximos meses a máis de 2.100 persoas e repercutirá na creación de máis de 670 postos de traballo no sector dos coidados.

Este programa, xestionado polos concellos pero financiado nunha parte moi importante pola Xunta de Galicia, presta servizos actualmente a 24.000 galegas e galegos en situación de dependencia. Isto supón arredor do 40% do total de persoas que reciben unha prestación ou servizo da Lei de dependencia.

O Goberno galego continuará a reforzar este servizo, un dos mellor valorados polas persoas usuarias, de cara ao ano 2020. Para iso resérvanse nos orzamentos da Xunta para o vindeiro ano 76,4 millóns de euros. Unhas prestacións que atenderán con especial atención as zonas rurais.

Ademais deste programa, a Administración autonómica ofrece un amplo catálogo de recursos que se adaptan ás necesidades de cada fogar. Exemplo diso son as axudas para coidados na contorna familiar; o Xantar na casa, que serve un menú san e equilibrado para cada día da semana a máis de 1.300 fogares ou a teleasistencia, que presta apoio remoto a máis de 5.400 persoas e que nos vindeiros meses elevará as súas prestacións.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 120.000 EUROS Á REPARACIÓN DA BARREIRA DE PROTECCIÓN DE INSTALACIÓNS NÁUTICAS DO PORTO DE BARALLOBRE

- ***Esta infraestrutura do peirao situado no concello coruñés de Fene foi danada polo temporal Amelie, que afectou Galicia o pasado 3 de novembro***
- ***A Consellería do Mar deu conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra, que inclúe labores previos de seguridade como a retirada de elementos á deriva que foron realizados de inmediato***

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, destina preto de 120.000 euros á reparación dos danos ocasionados no peirao de Barallobre polo temporal Amelie, que chegou a Galicia o pasado 3 de novembro. Así o reflicte o informe a través do que a Consellería do Mar deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra, que inclúe labores previos de seguridade que xa foron realizados de inmediato, como a retirada de elementos á deriva, dada a importancia de repoñer a operatividade e seguridade no porto de xeito urgente.

Debido á súa coincidencia coa preamar, á altura das ondas e ao forte vento do oeste, o temporal Amelie provocou a rotura en “efecto dominó” das argolas superiores e inferiores da barreira de protección das instalacións de amarre do porto de Barallobre, quedando á deriva no mar parte da barreira e o resto amarrada con cabos de forma provisional. Ante esta situación e dada a urgencia para devolver á normalidade as instalacións portuarias, a Consellería do Mar declarou a reparación como obra de emerxencia.

As obras neste peirao do concello coruñés de Fene terán como obxecto a reparación da totalidade dos elementos da barreira de protección e das instalacións náutico-recreativas do porto de Barallobre que foron afectados polo temporal. Para iso, esta actuación inclúe traballos previos que xa foron realizados de inmediato como o amarre das pantallas de protección mediante cabos, coa finalidade de evitar que quedasen á deriva, a recuperación do material que quedou á deriva no mar e a retirada de elementos inservibles.

Esta actuación tamén comprende a fabricación e subministración das anelas superiores e inferiores que sufriron danos. Ademais entre os traballos tamén está o traslado das barreiras desprendidas desde a praia en que quedaron depositadas, que está próxima ao peirao de Barallobre, á rampla de varada e o posterior izado con guindastre á parcela situada no porto para a súa reparación e limpeza da sucidade acumulada durante a súa varada na praia.

Outros labores previstos nesta actuación son a elevación das barreiras que quedaron suxeitas por cabos, a desmontaxe de argolas superiores e inferiores rotas e a montaxe das novas argolas que está previsto realizar ao longo deste mes de decembro. Ademais, unha vez rematados os traballos anteriores, repararanse os *ingers* afectados polo temporal nas instalacións náutico-recreativas. O prazo de execución das obras estímase en tres meses sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Cómpre lembrar que os técnicos de Portos de Galicia están a traballar nas medidas de emerxencia desde o primeiro momento. De feito, o día do temporal Amelie visitaron a zona a presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, e o subdirector xeral do Servizo de Gardacostas de Galicia, Lino Sexto, para comprobaren os danos causados polo temporal nas instalacións portuarias e estudar as actuacións que hai que realizar para normalizar a situación o antes posible. Na visita acompañounos o patrón maior da confraría de pescadores de Barallobre.